



Anxos Sumai, por Saúl Blanco

Esta semana santa encontrei, por fin, unha imaxe perante a que podo sentir devoción. É unha virxe, a Virxe dos Desexos, que quero compartir con vostedes estes días de recollemento, xaxún e abstinencia.

Semana Santa, momento de horrores prostrados ante o monumento cheo de candeas sobre o que se ergue, nun simulacro do Gólgota, o Cristo crucificado. Murmурio de oracións e cancións fúnebres, de viacrucis e almas retorcéndose no purgatorio. Violencia explícita, terror explícito. Abuso de poder e ameaza do castigo que non se disimula con expresións politicamente correctas. Ninguén nos tapa os ollos para non vermos o cristo torturado, nin o San Sebastián aseteado responsable da primeira exaculación do escritor Yukio Mishima. Ninguén nos tapa os ollos para que non vexamos os ollos arrincados de Santa Lucía, nin o corpo daquel santo ao que colocaron nunha grella e asaron por un lado e despois, cando estivo a punto do churrasco, déronlle a volta e asáronlle a barriga. Que espanto ese catálogo de torturas antiguas e eternas, ese exaltación da dor como garantía do paraíso cristian. Que triste esa negación do pracer que nos inculcaron ao nos envorcaren na cabeza de bebés un chorro de auga fría. Que espanto aqueles tempos en que unha muller non podía pisar terreo sagrado ata corenta días despois de ter parido porque era un ser impuro. Para ese enfermo e viciado catolicismo que negaba o pracer e o corpo, os seres humanos, sobre todo as mulleres deberíamos ser estacas, cruces, pura liña recta e escuálida, seres anoréxicos que practicasen o xaxún e a abstinencia. Sen taparmos a cara, vestimos burkas. Burkas que non nos agochaban só o rostro e o corpo, senón tamén o desexo, a vida, a alegría e mesmo a alma.

A Virxe dos Desexos ten o rostro e a indumentaria dunha india boliviana. Ollos caídos, nariz ancho, pel escura, sombreiro negro, capa vermella e vestido azul ceo como o da Virxe María. A miña Virxe dos Desexos ten a boca aberta, grandes dentes brancos e unha obscena lingua vermella que exhibe irreverente para mandar ao inferno a todo aquilo, a todos aqueles, que porfián en negarles espazo ás nosas curvas de mulleres. A miña Virxe dos Desexos, imaxe elixida polo colectivo boliviano Mujeres en Acción, que interveñen no espazo público e mediático con *performances*, graffitis, programas de televisión, libros e revistas, di: "soy chola, soy puta, soy vendedora ambulante, ama de casa, y hasta monja y loca. Y mis hermanos son maricones". A miña Virxe dos Desexos insiste en que non quere manter a liña, non quere ser nin cruz nin estaca, porque goza de ser pura curva. É muller, é pracer, é vida, ten os peitos fláccidos e a barriga rechea de graxa. E eu venéroa por iso, por ser humana.